



Zonas: O Carreirón												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas: A Canteira (Riason e Aguilóns)												
Especies: ameixa babosa, ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Aguilóns e Tarais												
Especies: todas as especies												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>				X	X	X	X	X	X	X		
Zonas: Aguilóns e Tarais												
Especies: todas as especies												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>			X	X	X	X	X	X	X	X		
Zonas: ámbito do plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

A navalla, longueirón e longueirón vello deben ser excluídas do plan de explotación por tratarse de recursos que requiren para a súa explotación dun plan para recursos específicos.

Con respecto á **zona de traballo**: as zonas de libre marisqueo incluídas neste plan entre punta Quilme e Sapeiras de terra (cara occidental) deberían presentarse nun plan aparte como plan específico en zonas de libre marisqueo. Esta delegación elaborará proposta de plan específico para estas zonas, que deberán xestionarse cos mesmos días, calendario, topes, etc.. que figuran no plan de autorizacións. As solicitudes de apertura realizaranse independentemente segundo o plan que se pretenda traballar.

En relación co **calendario**, o número máximo de días autorizados considerase correcto, pero deberá levarse a cabo una veda dun mínimo dun mes na zona sureste da Illa (Camaxe, Camaxiñas, Concerrado e Xastellas) entre abril e xuño. Este descanso produciría un efecto beneficioso nas poboacións explotadas, xa que nesa época teñen lugar os picos máximos de emisión de gametos de moitos bivalvos.

De acordo co informe técnico elévanse os topes de captura da ameixa xapónica por encima do solicitado no plan, á vista da evolución da CPUE rexistrada e ao non ter problemas de talla.

A forquilla e a gancha a pé non son artes autorizadas para o marisqueo a pé segundo o artigo 118 do Decreto 424/1993 que aproba o regulamento da actividade pesqueira e as artes e aparellos permisibles en Galicia. Para a autorización desas artes será necesario a aprobación dun plan experimental e neste caso o emprego só poderá realizar na área que se delimitaron as zonas de a pé e a flote (cara leste da Illa, entre Punta Aguiuncho e Punta Chastelas, incluíndo a zona de O Bao).

Lembrar que cando se pretenda realizala inmersión de especies procedentes do criadouro, para continuar o seu engorde en batea e finalmente en praia, deberán solicitar o correspondente documento de transporte e permiso de inmersión a esta delegación territorial.

A persoa sancionada seguindo o procedemento contemplado no plan poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recomendacións, de acordo cos informes técnicos para a mellora do plan:

- Organización dos puntos de control de xeito que recollan a mercadoría de todas as mariscadoras, levándose directamente á lonxa.
- Planificación de actividades de sementeiras e traslados.
- Presentación do plan financeiro.

**Para a explotación do reló deberá seguirse o “Protocolo para a apertura do reloxo nos bancos marisqueiros”.**

\*